



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Medios

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS E A UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE XORNALISMO NOS GABINETES DE PRENSA DA XUNTA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Medios formalizou coa Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 01 de xuño ata o 31 de agosto de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas do alumnado da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo nos Gabinetes de Prensa da Xunta de Galicia.

A través do presente convenio fíxanse as pautas e mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, o desenvolvemento e a verificación das prácticas extracurriculares do alumnado bolseiro do grao en publicidade e relacións públicas da UVigo na Xunta de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Secretaría Xeral de Medios adhírese ao programa de formación da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo, a través do presente convenio de colaboración, co fin de que o alumnado complementa os seus estudos teóricos e prácticos en



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Medios

contacto directo cos profesionais dos Gabinetes de Prensa da Xunta de Galicia mediante a realización de prácticas de xornalismo.

Segundo o disposto no artigo 51 da Lei 11/2013, do 26 de decembro de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, e de acordo co establecido no artigo 19.c da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, poderán asinarse convenios en exclusividade con entidades nas que por razón de interese público, social económico ou humanitario, u outras debidamente xustificadas resulta difícil a súa convocatoria pública.

Neste senso, só a Facultade de ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo imparte os estudos de grao en publicidade e relacións públicas na Comunidade Autónoma, e polo tanto non concorren os requisitos para que sexa posible promover a concorrência pública.

O procedemento de concesión desta subvención tramitase en réxime de concesión directa, por razóns de interese público e social, de acordo co establecido no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela, a 2 de xuño de 2016.

A secretaria xeral de Medios



Maria del Mar Sánchez Sierra
Maria del Mar Sánchez Sierra